



## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 8 DE XUÑO DE 2018**

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Frades, a 8 de Xuño de dous mil dezaoto, sendo as 14.00 horas, reúnen-se os membros da Corporación ao obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Baixo a presidencia de D. Roberto Rey Martínez, asisten os Concelleiros D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Angeles Alvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Ramón Garabato Boga, D. Oscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. Jesus Francos Sanchez, Don José María Perez Lagos, D<sup>a</sup> Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno, a Presidencia declara aberta a sesión, procedéndose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN DE PLENO DE 8 DE XUÑO DE 2018.-**

Recibida polos membros da Corporación, a copia do borrador da acta da sesión referenciada, polo Sr. Presidente ao abeiro do artigo 91.1 do RD 2568/1989, de 28 de novembro, pregúntase se algún membro formula algunha observación á mesma.

**Non habendo observacións sométese a votación a aprobación da acta de pleno referida, que é APROBADA, cos votos favorables de tódolos membros presentes.**

### **PUNTO SEGUNDO.- APROBACION PADRON DO LIXO.-**

**Presentase polo Sr. Alcalde o padrón do lixo co seguinte detalle:**

ALTAS LIXO 2018

Titular	DNI	DOMICILIO
Paula Lagares Gómez	45873305N	O Pazo - Galegos
Laureano Espiñeira López	15341329F	Rúa Santiago nº 67 Gfoi

CAMBIOS DE TITULARIDADE



# Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coniña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

Anterior titular Titular	Nuevo titular	DNI	DOMICILIO
Amalia Garea Quintela	Amalia María Mercedes Garea Garea	32422285J	Rúa Santiago 83, Gafoi
Rafael Méndez Méndez	María Paz Méndez Ferreiro	76367605S	Pibideira - Abellá
Antonio Quintela Portos	José Portos Costoya	32258444R	Pombo - Añá
Manuel García Francos	María Pilar Carro Veiras	32837221Y	Moar 11 - Moar
María Rúa Mosquera	Josefina Rúa Mosquera	76317927V	Sanamil - Añá
M Concepción Rodríguez Rodríguez	María Lucía Rey Rodríguez	76317654C	Devesa - Aiazo
Melina Pereiro Tesche	Manuel Pereiro Bestilleiro	32400527J	A Torre, Aiazo
Antonio Cebreiro Suárez	Sonia Martínez Gómez	33288635E	Caboladrón - Mesos
José Lino Barral Dono	Don José María Fernández Barral	76352779R	Vimieiro – 11 Papucín
Manuel Fernández Lavandeira	José Antonio Fernández Pazos	76342867W	Pazos - FRades

## MODIFICIÓNS TIPO IMPOSITIVO

Titular	DNI	DOMICILIO	Observacións
Jesús Vaamonde Viqueira	32400579L	Pedreira - Moar	Baixa como supermercado – alta como vivenda
Alicia López Pérez	32362537L	Lameló - Gafoi	Modificación de urbano a rústico

O Pleno da Corporación Local, cos votos a favor dos Concelleiros do PP e coa abstención do BNG **ACORDA:**

**Aprobar o padrón da taxa polo servizo de recollida de lixo para 2018 e sometelo a información pública para a súa notificación colectiva segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria durante 30 días a contar dende a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de edictos do Concello.**

**PUNTO TERCEIRO.- REMODELACION BEIRARRUAS DP 3802 ORDES A**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesgal

### PONTECARREIRA. PLAN DE TRAVESIAS DEPUTACION 2018 PRIMEIRA FASE.-

**O Alcalde- Presidente da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:**

*“Visto o proxecto de remodelación de beirarruas na DP 3802 Ordes-Pontecarreira, P.Q.17+140 Ó 17+870 (Rúa do Ensino).*

*Vista a comunicación de aprobación inicial da segunda fase do Plan de Travesías da anualidade 2018, 1ª Fase e solicitude ao Concello para que envíe á Deputación a documentación sinalada na Base 3.2 das de colaboración entre a Deputación e os Concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de Travesías 2016-2019.*

*Visto o requirimento de Certificación do Pleno da Corporación Municipal na que consten os seguintes acordos:*

- a) Aprobación do proxecto de autorización á Deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*
- b) Conformidade coas presentes bases.*
- c) Compromiso de aceptación de entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición , mellora, e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*
- d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar todos aqueles documentos que se deriven do presente.*

**Propoño ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o Proxecto de remodelación de beirarruas na DP 3802 Ordes-Pontecarreira, P.Q.17+140 Ó 17+870 (Rúa do Ensino) elaborado polo enxeñeiro de camiños Julio C. Rojo Martinez e autorizar á Deputación para executar as obras, contando con todas as*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

*autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*

**SEGUNDO.-** Prestar a conformidade coas bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno da Sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016).

**TERCEIRO.-** Comprometerse a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, asumindo os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

**CUARTO.-** Delegar no Alcalde-Presidente para formalizar todos aqueles documentos que se deriven do presente Plan de Travesías 2018."

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Pérez Lagos para felicitar á Deputación que axuda aos Concellos.

O Sr. Alcalde di que era un compromiso do anterior Presidente da Deputación.

O Pleno da Corporación Local, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Proxecto de remodelación de beirarruas na DP 3802 Ordes-Pontecarreira, P.Q.17+140 Ó 17+870 (Rúa do Ensino) elaborado polo enxeñeiro de camiños Julio C. Rojo Martínez e autorizar á Deputación para executar as obras, contando con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

**SEGUNDO.-** Prestar a conformidade coas bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno da Sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016).

**TERCEIRO.-** Comprometerse a aceptar a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, asumindo os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

**CUARTO.-** Delegar no Alcalde-Presidente para formalizar todos aqueles documentos que



## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.gal

se deriven do presente Plan de Travesías 2018.”

### **PUNTO CUARTO.- POS ADICIONAL COMPLEMENTARIO 2018.-**

Polo Sr. Alcalde expónse o asunto do epígrafe.

O voceiro do BNG pregunta cánto diñeiro do POS desenvolveu o Concello este ano.

O Sr. Alcalde contesta 424.000 euros do POS e agora co POS adicional 129.403 euros.

O voceiro do BNG sinala que houbo ataques neste Pleno á Deputación, e segue habendo discriminación coas subvencións nominativas.

#### **O Pleno da Corporación, por unanimidade adoptou o seguinte Acordo:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 Adicional 1/2018** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento das facturas pendentes de pago con provedores de importe igual ou superior a 100 € (IVE incluído), que teñen entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 31 de decembro de 2017 (este incluído); e a todos ou algún dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2018, tal e como se indica a continuación:

#### **A) Financiamento do pago a provedores:**

##### **Capítulo II Capítulo VI Total**

Maior achega provincial aplicada ao  
financiamento de pago a provedores

**Subtotal pago a provedores**

#### **B) Financiamento dos investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2018:**

**Investimentos financeiramente sostibles  
xa incluídos no Plan Complementario**

**Financiamento dos investimentos**

**Denominación da obra ou  
subministración**

**Deputación Concello Orzamento  
total**



# Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coniña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

CAMIÑO A IGREXA A DEVESA  
(AIAZO) E OUTROS 153. VIAS

PÚBLICAS  
85.996,93 0 85.996,93

ACCESOS AO CASAL (VITRE) E  
OUTROS  
153. VIAS  
PÚBLICAS

43.406,16 21.429,86 64.836,02

**Subtotal investimentos financeiramente sostibles  
xa incluídos no Plan Complementario**

Deputación	Concello	Orzamento total
129.403,09	21.429,86	150.832,95

**C) Resumo:**

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
-----------	------------	----------	-------

**A- PAGO A PROVEDORES**

**B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES XA  
INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+2018**

Deputacion	Concello	Total
129.403,09	21.429,86	150.832,95
<b>TOTAL</b> 129.403,09	21.429,86	150.832,95

**2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2018, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento”.**

**QUINTO.- APROBACION INICIAL MODIFICACION ORDENANZA FISCAL  
REGULADORA DO IBI. BONIFICACION FAMILIAS NUMEROSAS.-**



## **Concello de FRADES**

*Cimadevila, 10*

*15686.- FRADES (A Coruña)*

*Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79*

*E-Mail: correo@fradesgal*

**Polo Grupo de Goberno propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do IBI, que a continuación se transcribe:**

**Artigo 9:** Establécese unha bonificación do 90% da cota íntegra do Imposto a favor de aqueles suxeitos que ostente a condición de titulares de familia numerosa, sempre que se reúnan os seguintes requisitos:

- 1. O ben inmovible constitúase como vivenda habitual do suxeito pasivo.*
- 2. Que os ingresos anuais do suxeito pasivo non superen os 25.000,00 €.*

A solicitude de bonificación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Escrito de identificación do inmovible e documento acreditativo da titularidade do inmovible.
- Certificado de familia numerosa.
- Certificado do Padrón Municipal.
- Fotocopia da última declaración do Imposto sobre o IRPF, excepto nos supostos nos que o suxeito non estea obrigado a presentar tal declaración.

A bonificación retirarase, de oficio, o ano inmediatamente seguinte a aquel no que o suxeito pasivo cese na súa condición de titular de familia numerosa ou deixe de concorrer calquera dos requisitos esixidos.

**SEGUNDO.** Someter este acordo ao preceptivo trámite de información pública por prazo de trinta días hábiles mediante a publicación dos correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro Municipal de Anuncios, a efectos de presentación, se é o caso, de alegacións ou reclamacións. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, o acordo de aprobación provisional se elevará automaticamente a definitivo sen necesidade de Acordo expreso en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

Acto seguido, procédese á votación, resultando a proposta de Alcaldía APROBADA, por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes.

### **SEXTO.- SOLICITUDE DE ARRANXO AC 524 AO SEU PASO POLO TERMO MUNICIPAL DE FRADES, PARROQUIA DE ABELLA.-**

O Alcalde- Presidente da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

*“Visto o informe encargado polo alcalde do Excmo. Concello de Frades á arquitecta municipal do Concello sobre o estado da estrada AC-524 (autonómica) ao seu paso polo Concello de Frades , mías concretamente pola parroquia de Abellá.*

*Propoño ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o informe realizado pola arquitecta municipal e solicitar á Consellería de Infraestructuras e Vivenda da Xunta de Galicia e no seu caso a Axencia Galega de Infraestructuras o arranxo do firme na estrada autonómica AC-524 ao seu paso polo Concello de Frades dende o punto kilométrico 6,25 ata o punto kilométrico 12,490”*

O Pleno da Corporación Local, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o informe realizado pola arquitecta municipal e solicitar á Consellería de Infraestructuras e Vivenda da Xunta de Galicia e no seu caso a Axencia Galega de Infraestructuras o arranxo do firme na estrada autonómica AC-524 ao seu paso polo Concello de Frades dende o punto kilométrico 6,25 ata o punto kilométrico 12,490.

### **SETIMO.- RATIFICACION SE PROCEDE DE DECLARACION INSTITUCIONAL DOS CONCELLOS DE FRADES, MESIA, ORDES E OROSO SOBRE EÓLICOS.-**

O Alcalde- Presidente da lectura á declaración institucional co teor literal seguinte:





## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

*Nas pasadas semanas a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría de Estado de Medio Ambiente tivo en período de consultas a avaliación do impacto ambiental de cadanseus proxectos de parques eólicos promovidos pola empresa **GREEN CAPITAL POWER, S.L.**; coñecidos como **Ardemil** (P-EOL 221) e **A Pobra** (P-EOL 224). Na actualidade xa se remitiu unha copia por parte dos representantes en Galicia, tanto ao Concello de Ordes como ao Concello de Mesía, da desistencia das solicitudes presentadas para as referidas autorizacións administrativas dos dous parques eólicos mencionados.*

*Actualmente a mesma empresa efectuou unha solicitude ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria de polo menos 2 novos parques na comarca, pois se están a tramitar na Dirección Xeral de Enerxía e Minas expedientes de autorización administrativa previa á construción de dous PARQUES EÓLICOS – os denominados **MONTE INXERIO** (Ordes e Cerceda) e **GASALLA** (Frades e Mesía)- na Comarca de Ordes, promovidos por Green Capital Power ao amparo da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (DOG núm. 203 de 25 de outubro de 2017), sen que ata a data actual se enviase comunicado oficial a ningún dos Concellos afectados.*

*Os efectos da instalación dos aeroxeradores na poboación, na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan están a xerar un importante rexeitamento das veciñas e dos veciños destes concellos, cun territorio maiormente marcado polo seu óptimo aproveitamento rural, agrícola, gandeiro e forestal; o que suscita adoptar un criterio razoable de que nos atopamos en espazos territoriais non axeitados para a instalación de parques eólicos e as infraestruturas paralelas que levan apareladas.*

*Se atendemos as localizacións e características dos elementos de cada un destes parques eólicos, e analizando as localizacións propostas pola promotora, resulta inadmisíbel e inaceptable a colocación destes aeroxeradores, dun xeito significativo e relevante pola súa afección á poboación, dado que en concellos como os nosos, cuxos núcleos rurais de asentamento se encontran moi diseminados, ou inclusive coa existencia de vivendas illadas, a pretendida localización destes é moi próxima ás vivendas, a pesar de tratar de xustificar os 500 metros que marca o plan eólico galego. O efecto sombra, a reflexión solar e o ruído, capaz de afectar tanto ao oído humano como ao seu sistema nervioso, resultarán nocivos para a saúde das veciñas e dos veciños.*

*Estudos existentes afirman que os campos electromagnéticos asociados a este tipo de parques afectan á saúde ambiental e á calidade de vida nun radio de 10 km, creando unha zona escura que afecta as transmisións, xerando interferencias e serios problemas nas comunicacións.*

*Ademais, non podemos obviar que a transformación da paisaxe resulta irreversible dada a orografía do terreo do noso contorno, tanto polo tamaño dos aeroxeradores como polos demais*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

*elementos do parque (edificacións auxiliares, vías internas, rede eléctrica etc). Igualmente a avifauna vese seriamente afectada, pola afección non só do seu hábitat senón tamén dos seus costumes, así coma das consecuencias negativas para o solo e a auga.*

*En canto ás figuras de protección medioambiental, cómpre recordar que na nosa comarca se atopa: o espazo protexido LIC río Tambre así como espazos de Rede Natura; espazos naturais de interese local de acordo co disposto na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza; parte do espazo sitúase dentro da Reserva da Biosfera denominada “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; así como o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Inglés).*

*Para rematar, cómpre engadir que nos atopamos nunha comarca cunha alta porcentaxe de terreos sometidos a procesos de concentración parcelaria, que no caso de Frades, Mesía e Oroso aproxímase ao 100% do seu territorio, e en Ordes supera o 80%; e que no caso concreto dos dous parques mencionados afecta integramente a terreos cun alto potencial de aproveitamento do solo, ben sexa nas terras de labor desde o punto de vista agrícola e gandeiro, como nas terras a monte para un óptimo aproveitamento forestal.*

*Polo exposto, propóñense por parte dos Concellos de Frades, Mesía, Ordes e Oroso os seguintes ACORDOS:*

- 1. Manifestar a súa repulsa á instalación dos Parques Eólicos do MONTE INXERIO e GASALLA promovidos pola empresa Green Capital Power ou a calquera outro que se pretenda instalar nos concellos de Frades, Mesía, Ordes e Oroso, por considerar que afecta gravemente ás propiedades da veciñanza, á súa calidade de vida, á súa saúde, á paisaxe, á avifauna, ou contravir as normas técnicas de planeamento urbanísticos e lexislación vixentes.*
- 2. Instar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a que reforme o Plan eólico de Galicia e que declare aos Concellos de Frades, Mesía, Ordes e Oroso territorio libre de parques eólicos, e elimine a franxa eólica que abrangue aos ditos concellos dentro do Plan Sectorial Eólico de Galicia.*
- 3. Dar traslado do presente acordo ao Parlamento Galego, ao Congreso dos Deputados, á Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consellería de Medio Rural, e Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio), así como ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e ao Ministerio de Enerxía, Turismo e axenda dixital.*

O Pleno da Corporación Local, por unanimidade **ACORDA:**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléf: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as quince e trinta horas, o Sr. Presidente levanta a sesión, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretaria, dou fé.

Vº Bº O Alcalde

Roberto Rey Martínez



Secretaria

Maria Chao Carballeira





## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

**PRIMEIRO.- Aprobar a declaración institucional anteriormente transcrita.**

### **OITAVO.-INFORMES DA ALCALDIA.-**

-O Sr. Alcalde di que se concederon becas de transporte e material escolar, viaxes a Mallorca a nenos (excursións de fin de curso.).Seguidamente da lectura aos nomes dos beneficiarios.

O voceiro do BNG pide que conste en acta que o BNG solicita copia do listado de beneficiarios de subvencións que acaba de expoñer o Sr. Alcalde.

-Estáanse realizando obras : camiño Aboi-Augasanta e outros, así como obras do Plan complementario da Deputación POS 2017.

- D<sup>a</sup> Nelly Iglesias Rey pregunta polo proceso selectivo de persoal financiado co PEL da Deputación.

O Sr. Alcalde contesta que houbo un test de 40 preguntas que fixo a Arquitecta municipal.

-Según a liquidación do orzamento de 2017 , o Concello ten Remanente líquido de Tesourería positivo e cumpriuse a estabilidade orzamentaria. Estamos pensando gastalo en investimentos financeiramente sostibles.

### **NOVE. DACION DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDIA-**

Dase conta polo Sr. Alcalde dos decretos dende a última sesión de pleno. Salienta o decreto de Alcaldía polo que se aprobou a liquidación do orzamento de 2017.

### **DEZ. MOCIONS-**

Non houbo.

### **ONCE.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non houbo.

.....